



**SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE  
DATA 27 de febreiro de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ

**SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

**INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 27 de febreiro de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 20/02/2017, que se aprobou por unanimidade.

**ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

**PRP2017/855**

Dáse conta da proposta do Encargado do Servizo de Alumado Público, para aprobación do gasto para a compra de novas reactancias e lámpadas, para as luminarias de alumado público, e dáse conta dos orzamentos presentados para o subministro de 100 equipos electrónicos e 100 lámpadas:

- Dielectro Industrial, S.A.U., que ofrece o prezo de 2.053,37 € (IVE incluído).
- Digamel Arousa, S.L.U., que ofrece o prezo de 2.217,93 € (IVE incluído).
- Kilovatio Arousa, que ofrece o prezo de 2.269,96 € (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o subministro citado a **Dielectro Industrial S.A.U.**, polo importe de 2.053,37 € (IVE incluído), por ser a oferta máis vantaxosa para o Concello, con cargo á partida orzamentaria 165.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2017/862**

Vista a proposta do Director da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Graficas Anduriña Sociedad Cooperativa Galega** para o subministro de 25.000 impresos de “acuses de recibo” para os Departamentos de Rendas e Recadación e Policía Local (10.000 para Policía Local; 10.000 para Recadación e 5.000 para Rendas), por un importe total de 2.069,10 € (IVE incluído), con cargo ás seguintes partidas:

- Con cargo á partida 132.22000: 827,64 €
- Con cargo á partida 931.22000: 1.241,46 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



#### **PRP2017/866**

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Talleres Santiago Iglesias, S.L.** para a reparación do guindastre municipal, matrícula 5171DLH, por un importe total de 703,63 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL**

#### **Benestar Social**

Dáse conta da resolución da Xunta de Galicia de transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais comunitarios Municipais (PLAN CONCERTADO 2016) Escola Infantil Municipal, por importe de 72.000,00 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2017/888**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos para equipamento de electrodomésticos da vivenda propiedade do Concello con respecto á cal se formalizou un convenio coa Cruz Vermella para o seu uso, por un importe total de 905,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 231.62500:

CONCEPTO	PROVEDOR	IMPORTE (IVE INCLUÍDO)
Lavadora Indesit	Tendanosa, S.L.	279,00 €
Frigorífico Teka	Castromán I, S.L.	255,00 €
Forno Zanussi	Castromán I, S.L.	192,00 €
Vitrocerámica Zanussi	Castromán I, S.L.	179,00 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

#### **Educación**

#### **PRP2017/889**

Dáse conta de informe da Directora da Biblioteca Municipal comunicando as seguintes doazóns: Representantes do BNG fixeron entrega da obra: "O TTIP: Un cabalo de Troia contra a nosa soberanía" /Alba Nogueira López... (et.al.) (Laivento, 2016)

O Obradoiro de Emprego fixo entrega de un Kamishiabi de madeira, realizado polo módulo de carpintería e dous contos, realizados polo módulo de dinamización de actividades de tempo libre educativo, infantil e xuvenil.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar a doazón para a súa posta en valor e de servizo á cidadanía e manifestar o agradecemento pola mesma.

#### **Sanidade**

#### **PRP2017/891**



Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Teleservicio Instalaciones de Oficina, S.L.** para o subministro dunha plastificadora para o Servizo Municipal de Cemiterios, por un importe total de 223,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 164.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2017/892**

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **A & B Laboratorio de Biotecnología S.A.U.**, para subministro de material para os Cemiterios Municipais de Vilagarcía e Carril, por un importe total de 290,79 € (IVE incluído), con cargo á partida 164.22110.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

#### **Xuventude**

##### **PRP2017/894**

Vista a proposta da Concellería de Xuventude e Voluntariado, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola **Asociación Socioeducativa e Cultural O Núcleo**, para a realización da acción cultural formativa denominada “Tecnoloxías Emerxentes: Campamento de verán + Formación intensiva), por un importe total de 4.500 €, con cargo á partida 2314.22624.

Dáse conta de que para a citada actividade está solicitada unha subvención polo 100% do orzamento ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincial de Cooperación as Obras e Servizos de competencia municipal para o exercicio 2017 da Deputación Provincial de Pontevedra, a través da liña dous: amortización, pagamento de débedas e gastos correntes.

### **ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

#### **Turismo**

##### **PRP2017/1029**

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Viajes Turísticos Silest, S.L.** para o desprazamento no seu tren turístico dende o Centro Cultural de O Couto ata o Pazo de Rubiáns (ida e volta), o día 5 de marzo de 2017, con motivo da celebración do Certame da Camelia en Rubiáns, por un importe de 275,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.22612.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE**

#### **Muller e persoas maiores**

##### **PRP2017/896**

Dáse conta do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2017) da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2017. Ó seu abeiro a Xunta de Goberno Local acorda solicitarlle á Deputación Provincial de Pontevedra unha subvención para o proxecto que a seguir se relaciona:

- Proxecto Activa o corpo, activa a mente, cun orzamento total de 4.356,00€ (IVE incluído):
  - Contía solicitada: 4.000,00 €



- Aportación Municipal: 356,00€.

## **ASUNTOS DE CULTURA**

### **PRP2017/900**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte programación das exposicións de marzo a xullo 2017 na Sala de Exposicións do Auditorio Municipal e na Sala Antón Rivas Briones:

- Sala Antón Rivas Briones 2017:

- Do 17 de marzo ao 28 de abril: Victor Mejuto
- Do 11 de maio ao 11 de xuño: Ruth Matilda Anderson-Afundación

- Do 16 de xuño ao 28 de xullo: Uxio López

- SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO 2017:

- Do 1 ao 22 de marzo: Muller tiñas que ser-Exposición da Concellería da Muller
- Do 8 ao 22 de marzo: Mulleres na historia-Deputación de Pontevedra
- Do 24 de marzo ao 12 de abril: Marathon Fotográfica-Concellería da Muller
- Do 18 ao 28 de abril: Os principiños de Carlos Casares-Fundación Carlos Casares-Concellería de Xuventude.

## **ASUNTOS DE CONTRATACIÓN**

### **PRP2017/903**

Dáse conta da licitación subministro de 4 vehículos a pedais e dous asentos adicionais para parque infantil de mobilidade que imparte a Policía Local. Rematado o prazo de presentación de ofertas o 10 de febreiro de 2017, non se presentou ningunha oferta.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda declarar deserta a licitación e que se soliciten novos orzamentos, co incremento que proceda, con cargo a fondos municipais.

Dar conta ao Departamento de Contratación e Policía Local.

### **PRP2017/904**

Dáse conta da tramitación do expediente de contratación a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia (LEAL), mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación ordinaria e documentalmente simplificada, para adxudicar o contrato denominado "Actualización do catastro sobre inmobles urbanos e construcións en solo rústico", cun orzamento de licitación de 48.400,00 € (IVE engadido) (Expte.: CT-35/2016-e), ó que se presentaron dúas empresas: Gabinete Cartotec, S.L. e Laya Gestión y Servicios, S.L.

Dáse conta da xustificación presentada polas empresas Gabinete Cartotec, S.L. e Laya Gestión y Servicios, S.L. en relación cos valores presuntamente anormais ou desproporcionados que conteñen as ofertas presentadas polas citadas mercantís na licitación de referencia, así como do informe emitido ó respecto pola tesoureira do Concello, de data 8 de febreiro de 2017, no que considera que os valores anormais ou desproporcionados non son importantes respecto da media das ofertas presentadas e ademáis, considera que as dúas empresas xustifican a viabilidade da súa oferta económica.

O órgano de contratación, á vista do informe técnico emitido, acorda admitir a xustificación das ofertas presentadas polas dúas empresas.

Licitador	Oferta 901N (IVE engadido)	Oferta 902N, 903 e 904 (IVE engadido)	
		Ata 25 unidades	20 ou máis unidades
Gabinete Cartotec, S.L.	7,20€	51,97€	29,63€



Laya Gestión y Servicios, S.L.	8,49€	52,25€	28,50€
--------------------------------	-------	--------	--------

Unha vez aplicados os criterios de adxudicación fixados nos Pregos que rexen a licitación resulta a seguinte puntuación definitiva:

	Máx. 80	Máx.18	Máx. 2	total ptos
	901 N	902 ... Ata 25	902.. Máis 25	
Laya Gestión y Servicios, S.L.	43,14	16,34	2,00	<b>61,48</b>
Gabinete Cartotec, S.L.	80,00	18,00	0,49	<b>98,49</b>

Á vista da puntuación obtida polas ofertas unha vez aplicados os criterios de adxudicación contemplados no Anexo VII do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato "Actualización do catastro sobre inmobles urbanos e construcións en solo rústico" á empresa **Gabinete Cartotec, S.L.**, de conformidade coa súa oferta.

#### **PRP2017/1030**

Vista a proposta da Concelleira de Urbanismo a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a reparación do pavimento en beirarrúa de Avda. Rosalía de Castro nº124 (estrada Po-548-Pontecesures (N-550)-Vilagarcía de Arousa (glorieta porto)punto quilométrico 17,600), á empresa **Movimiento de Áridos y Construciones de Arosa, S.L.** (B36533537), por un importe de 2.625,00€(IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 551,25€ o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 3.176,25€, de acordo coa oferta presentada, con cargo á partida 453.210.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:30 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.